

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DA IMPLANTACIÓN DA ORDE DE
PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA

PROTOCOLO PARA A
IMPLANTACIÓN DA ORDE DE
PROTECCIÓN DAS VITIMAS DE
VIOLENCIA DOMÈSTICA




CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL




FISCALÍA XERAL DO ESTADO



CONSELLO XERAL
DA AVOGACÍA



CONSELLO XERAL
DO PROCURADORES



GOBIERNO DE CANARIAS

JUNTA DE ANDALUCÍA

COMUNIDAD DE MADRID

GOBIERNO DE NAVARRA

PREÁMBULO	3
1.- FASE INICIAL: SOLICITUDE DA ORDE DE PROTECCIÓN	8
1.1.- SOLICITUDE DE ORDE DE PROTECCIÓN.....	8
1.2.- INFORMACIÓN DOADAMENTE ACCESIBLE PARAA VÍTIMA.....	9
1.3.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE.....	10
1.4.- INTERVENCIÓN DO XULGADO DE GARDA.....	10
1.5.- INTERVENCIÓN DA POLICÍA XUDICIAL.....	11
1.6.- REMISIÓN DO ATESTADO AO XULGADO DE GARDA.....	11
2.- FASE DE ADOPCIÓN DA ORDE DE PROTECCIÓN	12
2.1.- INCOACIÓN DE PROCESO PENAL.....	12
2.2.- NON CONCORRENCIA DE VARIAS ORDES DE PROTECCIÓN.....	13
3.- NOTIFICACIÓN E EXECUCIÓN DA ORDE DE PROTECCIÓN	13
3.1.- MEDIDAS PENAIS E DE SEGURIDADE.....	13
3.2.- MEDIDAS CIVÍS.....	14
3.3.- COORDINACIÓN ENTRE AS XURISDICIÓNS PENAL E CIVIL.....	15
3.4.- MEDIDAS DE ASISTENCIA E PROTECCIÓN SOCIAL.....	16
3.4- OFICINAS DE ATENCIÓN Á VÍTIMA.....	18
3.5- REXISTRO CENTRAL PARAA PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA.....	18
3.6.- ADMINISTRACIÓN PENITENCIARIA.....	19
4.- ASISTENCIA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN PROCESUAL	19
5.- DIVULGACIÓN DA ORDE DE PROTECCIÓN	19
6.- FORMACIÓN	20

PREÁMBULO

- I -

A nova regulación na nosa Lei de Axuizamento Criminal da Orde de Protección, tramitada a partir dunha iniciativa de todos os grupos parlamentarios e aprobada por unanimidade de ambas as dúas Cámaras Lexislativas, supón un importante avance na loita contra a violencia doméstica porque unifica, a partir dunha soa solicitude, os diferentes instrumentos de protección da vítima previstos polo ordenamento xurídico (penais, civís e de protección e asistencia social).

Esta transcendental reforma comezou a perfilarse na Subcomisión parlamentaria creada polo Pleno do Congreso dos Deputados, na súa sesión do 22 de outubro de 2002, co obxecto de "formular medidas legislativas que dean unha resposta integral fronte á violencia de xénero". No curso dos seus traballos, a Subcomisión mantivo o pasado 4 de febreiro unha reunión conxunta cos Ministros de Xustiza e de Traballo e Asuntos Sociais, durante a cal o Ministro de Xustiza ofreceu a todos os Grupos Parlamentarios o deseño dun novo instrumento xudicial, a Orde de Protección ás Vítimas de Violencia Doméstica, como canle unificador de amparo e tutela ás vítimas destes delitos.

A partir desta idea inicial, a Subcomisión, dende o absoluto consenso de todos os Grupos Parlamentarios, desenvolveron esta proposta nunha comisión técnica integrada por expertos do CGPJ, da Fiscalía Xeral do Estado e do Ministerio de Xustiza. Deste xeito, a Orde de Protección incluíuse dentro do catálogo de medidas legislativas que integran as conclusións da Subcomisión. A mencionada Orde configurouse sobre a base de seis principios básicos aos que responde a súa regulación:

- a) Principio de protección da vítima e da familia. A razón de ser da Orde de Protección reside no obxectivo fundamental de protexer a integridade da vítima e da familia fronte ao agresor.

Dito con outras palabras, o obxectivo prioritario da Orde de Protección é que a vítima e a familia recuperen a sensación de seguridade fronte a posibles ameazas ou represalias posteriores do agresor. Por ese motivo, nos supostos de violencia doméstica o acceso a unha Orde de Protección constitúese nun dereito da vítima.

b) Principio de aplicación xeral. O Xuíz poderá empregar a Orde de Protección sempre que a considere precisa para asegurar a protección da vítima, con independencia de que o suposto de violencia doméstica sexa constitutivo de delito ou de falta.

c) Principio de urxencia. A Orde de Protección debe -sen menoscabo das debidas garantías do proceso, nin do principio de proporcionalidade- debe obterse e executarse coa maior celeridade posible. Debe, pois, articularse un procedemento o suficientemente rápido como para conseguir a verificación xudicial das circunstancias de feito e as conseguintes medidas de protección da vítima.

d) Principio de accesibilidade. A eficaz regulación da Orde de Protección esixe a articulación dun procedemento o suficientemente sinxelo como para que sexa accesible a todas as vítimas de delitos de violencia doméstica. Así pois, a solicitude da orde débese adaptar a criterios de sinxeleza, de xeito que a vítima, os seus representantes, etc., poidan acceder doadamente ao Xuíz para solicitala, sen custos engadidos.

e) Principio de totalidade. A concesión da Orde de Protección polo Xuíz debe provocar, dunha soa vez e de xeito automático, a obtención dun estatuto integral de protección para a vítima, o cal active unha acción de tutela que concentre medidas de natureza penal, civil e de protección social.

f) Principio de utilidade procesual. A Orde de Protección tamén ten que facilitar a acción da Policía Xudicial e o subseguinte proceso de Comisión de Seguimento da Implantación da Orde de Protección das Vítimas de Violencia Doméstica instrución criminal, especialmente no referente á recollida, tratamento e conservación de probas.

- II -

A Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa (2002) 5 sobre a protección das mulleres contra a violencia (adoptada o 30 de abril do 2002), recomenda aos Estados introducir, desenvolver e/ou mellorar as políticas nacionais con base nos seguintes elementos: a seguridade máxima e protección das vítimas; o fortalecemento da capacidade de asistir ás mulleres vítimas de violencia mediante a posta en práctica da estrutura de sostemento e asistencias óptimas que eviten unha victimización secundaria; a adaptación do Dereito Civil e Penal, incluídos, os procedementos; e a formación especializada dos profesionais. Como se pode observar, os principios recollidos na Lei reguladora da Orde de Protección non só responden ás recomendacións do Consello de Europa, senón que van máis aló, ofrecendo á vítima un marco integral de protección.

A celeridade, integridade e simplicidade que caracterizan a regulación da Orde de Protección requiren a coordinación de todos os que, dun xeito ou doutro, traballamos para protexer as vítimas da violencia doméstica, conseguindo así que unha solicitude de protección despregue a totalidade dos mecanismos previstos no Ordenamento Xurídico.

Esta coordinación entre institucións fundamentou a creación da Comisión de Seguimento da Implantación da Orde de Protección, prevista na Disposición Adicional 2ª da Lei reguladora desta Orde.

Constituída o día 22 de xullo do 2003, a Comisión de Seguimento da Implantación da Orde de Protección está integrada por representantes do Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado, o Ministerio de Xustiza, o Ministerio do Interior, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, as Comunidades Autónomas, a Federación Española de Municipios e Provincias, o Consello Xeral da Avogacía Española e o Consello Xeral de Procuradores dos Tribunais de España.

O obxectivo común dos que dende a Comisión de Seguimento participamos na elaboración do presente Protocolo consiste esencialmente en poñer en práctica aqueles elementos que, tendo unha interrelación entre eles, farán posible o correcto funcionamento dos mecanismos de protección integral deseñados na nova regulación, sen prexuízo dos desenvolvementos que a cada institución ou Administración competen en cada área.

Esta finalidade supón un compromiso que nace no seo do Observatorio de Violencia Doméstica cunha vocación de permanencia e co obxectivo de combater de xeito integral a violencia doméstica e de xénero.

Como dispón a propia Disposición Adicional Segunda da Lei reguladora da Orde de Protección das vítimas da violencia doméstica, corresponderá a esta Comisión a elaboración de Protocolos de alcance xeral para a implantación da Orde de Protección, así como a adopción de instrumentos axeitados de coordinación que aseguren a efectividade das medidas de protección e de seguridade adoptadas polos Xuíces e Tribunais e as Administracións públicas competentes.

- III -

Na súa primeira reunión, a Comisión de Seguimento da Implantación da Orde de Protección acordou a elaboración dun Protocolo que sirva de marco xeral ás posteriores actuacións das diferentes institucións e Administracións públicas, e que será concretado por outros instrumentos de desenvolvemento.

Coa finalidade de sistematizar no presente Protocolo os aspectos máis relevantes que requiren de compromisos conxuntos de actuación por parte dos integrantes da Comisión de Seguimento, resulta útil diferenciar tres momentos na tramitación da Orde de Protección:

- a) A fase de solicitude da Orde de Protección, na que resulta imprescindible facilitar á vítima o acceso á información e formularios da Orde de Protección, así como arbitrar canles de comunicación áxiles.
- b) A fase de adopción da Orde, na que se debe garantir a coordinación de todos os que participan no proceso.
- c) A fase de notificación e execución, onde asumen un especial protagonismo as administracións competentes en materia de asistencia e protección social, tanto a nivel autonómico como local.

- IV -

Por todo o anterior, a Comisión de Seguimento da Implantación da Orde de Protección establece os seguintes principios xerais que definen o marco das relacións e obrigas de cada un dos membros coa finalidade de implantar a orde de protección das vítimas de violencia doméstica. Comisión de Seguimento da Implantación da Orde de Protección das Vítimas de Violencia Doméstica

1.- FASE INICIAL: SOLICITUDE DA ORDE DE PROTECCIÓN

1.1.- SOLICITUDE DA ORDE DE PROTECCIÓN

A Orde de Protección poderá ser solicitada pola vítima ou por aquelas persoas que teñan con ela algunha das relacións de parentesco ou afectividade ás que se refire o vixente artigo 153 do Código Penal. Por outra banda, como dispón o parágrafo 2º do apartado 2 do artigo 544 ter LECR, sen prexuízo do deber xeral de denuncia previsto no artigo 262 desta Lei, as entidades ou organismos asistenciais, públicos ou privados, que tivesen coñecemento dalgún dos feitos mencionados que fundamentan a Orde de Protección deberán poñelos inmediatamente en coñecemento do Xuíz de garda ou do Ministerio Fiscal co fin de que se poida incoar ou instar o procedemento para a adopción da orde de protección.

Pódese presentar en calquera Comisaría de Policía, posto da Garda Civil ou dependencias das Policías Autonómicas ou Locais; no Xulgado ou Fiscalía; nas Oficinas de Atención á Vítima; nos servizos sociais ou institucións asistenciais dependentes das Administracións Públicas; ou nos Servizos de Orientación Xurídica dos Colexios de Avogados. Tamén poderá ser acordada polo Xuíz de oficio ou instada polo Ministerio Fiscal.

A Orde de Protección poderase solicitar a través dun modelo normalizado coas seguintes características:

- ?? Sinxeleza, é dicir, de simple cumprimento por calquera persoa
- ?? Doadada accesibilidade, podéndose obter nun gran número de institucións e organismos.
- ?? Integridade, porque unha soa petición abrirá a vía para a posible adopción de medidas penais, civís e de asistencia e protección social.

En canto ao contido, deberá incluír en todo caso unha descrición dos feitos constitutivos da infracción penal (delito ou falta) na que se fundamente a petición para os efectos do disposto polo apartado 1 do artigo 544 ter da Lei de Acusación Criminal.

Para os anteriores efectos, a Comisión de Seguimento da Implantación da Orde de Protección aprobou un formulario normalizado e único que recolle as anteriores características. O devandito formulario inserírase de xeito inmediato no portal web do Consello Xeral do Poder Xudicial, así como nas outras páxinas ou portais propios das institucións, administracións e organismos integrantes da Comisión. Todo iso sen prexuízo doutras modalidades complementarias de distribución que cada unha das organizacións e institucións considere oportunas.

1.2.- INFORMACIÓN DOADAMENTE ACCESIBLE PARA A VÍTIMA

O principio xeral que debe inspirar a actuación dos poderes públicos é o acceso doado da vítima tanto ás solicitudes de Orde de Protección como á información relativa a esta.

Deste xeito, poñeranse a disposición da vítima as solicitudes de Orde de Protección e outras informacións relevantes sobre ela. Para tal efecto resultaría conveniente:

?? Que existan formularios de Orde de Protección nos órganos xudiciais penais e civís, nas Fiscalías, nas Oficinas de Atención á Vítima, nas Oficinas de Atención ao Cidadán, nos Servizos de Orientación Xurídica dos Colexios de Avogados, en dependencias policiais, así como nos servizos sociais ou institucións asistenciais dependentes das Administracións Públicas.

?? En todo caso, que os devanditos formularios se poidan obter a través de Internet, tanto no portal do CGPJ coma no resto de institucións e organizacións implicadas.

?? Se é o caso, editarase o formulario de solicitude na lingua cooficial propia de cada Comunidade Autónoma.

1.3.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

Como afirma a propia Lei, a Orde de Protección poderá solicitarse directamente ante a Autoridade Xudicial ou o Ministerio Fiscal, ou ben ante as Forzas e Corpos de Seguridade, as Oficinas de Atención á Vítima, os servizos sociais ou institucións asistenciais dependentes das Administracións públicas, ou nos Servizos de Orientación Xurídica dos Colexios de Avogados. Unha vez recibida a solicitude, esta será remitida sen dilación ao Xulgado de Garda, quen poderá requirir á Policía Xudicial a práctica daquelas dilixencias que resulten precisas para a adopción da Orde de Protección.

Dentro destas diferentes posibilidades que permite a lei, a experiencia demostra que na xeneralidade dos casos as vítimas presentan a denuncia en dependencias policiais ou no propio Xulgado de garda.

Resultaría unha boa práctica que a vítima fose asistida por un profesional ao cumprir a solicitude da orde, e mesmo que sexa acompañada a presentala ante a Policía.

1.4.- INTERVENCIÓN DO XULGADO DE GARDA

Cando o Xulgado de Garda recibe unha solicitude de Orde de Protección, poden producirse as seguintes situacións:

1. Cando os feitos sexan constitutivos de falta, o artigo 964.2 LECR permite a celebración do xuízo de faltas de xeito inmediato. E en dito plenario poderá realizarse tamén a audiencia da Orde de Protección.

2. Cando os feitos sexan constitutivos de delito, o Xuíz convocará a audiencia para resolver sobre a solicitude da Orde de Protección presentada, ordenando as citacións que sexan precisas para garantir a presenza da vítima, do imputado e das outras persoas que deban ser convocadas. Esta audiencia poderase tramitar simultaneamente coa prevista no artigo 504 bis 2 LECR cando a súa convocatoria fose procedente ou coa audiencia regulada no artigo 798 LECR naquelas causas que se tramiten polo procedemento de "xuízos rápidos".

1.5.- INTERVENCIÓN DA POLICÍA XUDICIAL

Neste sentido, e tendo en conta que nun gran número de casos a Orde de Protección será solicitada ante a Policía Xudicial, esta realizará o correspondente atestado para a acreditación dos feitos, determinando unha anticipación da práctica das investigacións necesarias nas que se baseará no seu caso a decisión do Xuíz. Deste xeito, estará garantida a axilidade na tramitación, e ao mesmo tempo o Xuíz de Garda contará cuns maiores elementos para fundamentar a Orde de Protección.

Por outra banda, concíliase este instrumento coa tramitación dos "suizos rápidos" considerados pola Lei 38/2002, que necesariamente se deben iniciar mediante atestado (argumento ex artigo 795 Lei de Axuizamento Criminal).

En conclusión, resulta aconsellable que a solicitude de Orde de Protección chegue ao Xulgado acompañada do correspondente atestado elaborado pola Policía Xudicial.

1.6.- REMISIÓN DO ATESTADO AO XULGADO DE GARDA

Naqueles supostos nos que a solicitude se presente ante a Policía Xudicial ou se comunique ao Xulgado de Instrución a través dela, resultaría axeitado establecer un sistema que permita a rápida e áxil comunicación da solicitude da Orde de Protección (acompañada de atestado) dende a

Policía Xudicial ata ao Xulgado de Garda. Salvo cando non sexa posible por mor das circunstancias concorrentes, o sistema podería configurarse de xeito telemático.

2.- FASE DE ADOPCIÓN DA ORDE DE PROTECCIÓN

2.1.- INCOACIÓN DE PROCESO PENAL

Toda solicitude de Orde de Protección deberá estar necesariamente unida a un concreto proceso penal, e só a un deles.

Atendendo ao estado procesual, poderá producirse algunha das seguintes situacións:

- ?? Se non existe proceso penal aberto sobre os feitos nos que se fundamenta a solicitude de Orde de Protección, o Xuíz acordará se procede a incoación do correspondente proceso penal por delito ou por falta.
- ?? Cando exista un proceso penal aberto sobre os feitos nos que se fundamenta a solicitude de Orde de Protección, o Xuíz ou Tribunal que coñeza da causa poderá resolver sobre a orde de protección da vítima, tal e como dispón o apartado 11 do artigo 544 ter LECR, especialmente nos supostos nos que se produza un incremento do risco para a vítima.
- ?? En todo caso poderá intervir o Xulgado de Instrución en funcións de Garda cando exista unha razón de urxencia que xustifique a súa actuación inmediata, sen prexuízo da ulterior remisión do actuado ao Xuíz ou Tribunal competente por aplicación das normas de repartición (artigo 40 Regulamento CGPJ 5/1995).

2.2.- NON CONCORRENCIA DE VARIAS ORDES DE PROTECCIÓN

Por evidentes razóns organizativas e de coordinación, só pode existir unha única Orde de Protección que afecte a cada vítima. Deste xeito, non poden concorrer varias ordes de protección que despreguen os seus efectos sobre unha mesma persoa.

O contido da Orde de Protección poderá ser modificado, se resulta procedente, cando se alteren as circunstancias (*rebus sic stantibus*) por parte do órgano xudicial que ten competencia para coñecer do asunto (pensemos sobre todo naqueles casos nos que se incrementa a situación de perigo para a vítima), pero non poderá ditarse unha ulterior Orde de Protección que poida contradicir os termos da xa ditada.

En caso de urxencia, a Orde de Protección tamén poderá ser modificada polo Xuíz de Instrución en funcións de garda, se o considera pertinente, sen prexuízo da posterior remisión do actuado ao órgano judicial competente.

3.- NOTIFICACIÓN E EXECUCIÓN DA ORDE DE PROTECCIÓN

3.1.- MEDIDAS PENAIS E DE SEGURIDADE

Sempre que o Xuíz de Garda o considere procedente, en función de a gravidade dos feitos e da necesidade de protección integral da vítima, poderá adoptar algunha das medidas preventivas legalmente previstas (prisión provisional, prohibición de achegamento, prohibición de residencia, prohibición de comunicación, retirada das armas ou calquera outra). Aos anteriores efectos, resultaría relevante que a parte dispositiva do auto que se dite recolla a descrición detallada do alcance e contido de cada unha das medidas adoptadas.

Resulta preciso o establecemento dun sistema áxil e rápido de comunicación da Orde de Protección entre o Xulgado de Instrución que a ditou e a Policía Xudicial. Salvo cando non sexa posible por razón das circunstancias concorrentes, o sistema configurarase de xeito telemático.

Por outra banda, resulta especialmente importante a coordinación das distintas Forzas e Corpos de Seguridade (Policía Nacional, Garda Civil, Policías de Comunidades Autónomas, Policías Locais). Para tal efecto, e entre outros instrumentos, poden resultar útiles os traballos da Comisión Nacional de Coordinación da Policía Xudicial, así como os Protocolos de Colaboración no ámbito da Comunidade Autónoma, provincial e/ou de partido xudicial (artigo 47.4 Regulamento CGPJ 5/95 e artigo 8 da Instrución CGPJ 2/2003).

Estableceranse así mesmo os mecanismos axeitados para o control e seguimento da aplicación da Orde de Protección, especialmente en materia de seguridade da vítima onde resulta relevante a intervención das Forzas e Corpos de Seguridade. O incumprimento dalgunha das medidas poderá dar lugar á detención do inculpado en relación coa comisión dun presunto delito de quebrantamento de medida preventiva do artigo 468 do Código Penal.

3.2.- MEDIDAS CIVÍS

A indubidable innovación na protección da vítima introducida pola nova regulación da Orde de Protección consiste na posibilidade de que o Xuíz de garda adopte medidas provisionais de carácter civil.

De conformidade cos principios inspiradores desta Xurisdición, estas medidas deben ser solicitadas pola vítima ou o seu representante legal, ou ben polo Ministerio Fiscal cando existan fillos menores ou incapaces. Unha vez solicitadas, serán obxecto de debate contradictorio na audiencia prevista polo artigo 544 ter LECR, tras o cal o Xuíz de Instrución en funcións de Garda ditará, se procede, o correspondente auto.

Estas medidas poderán consistir na atribución do uso e desfrute da vivenda familiar, a determinación do réxime de custodia, visitas, comunicación e estanza cos fillos, o réxime de prestación de alimentos e calquera disposición que se considere oportuna co fin de apartar ao menor dun perigo ou de evitalle prexuízos.

Por outra banda, estas medidas son de natureza provisional, é dicir, teñen unha vixencia limitada no tempo, debendo ser posteriormente ratificadas, modificadas ou deixadas sen efecto polo Xuíz civil. Lembremos que o segundo parágrafo do apartado 7 do artigo 544 ter LECR dispón que este tipo de medidas contidas na Orde de Protección terán unha vixencia temporal de trinta días. E engade que, se dentro deste prazo fose incoado a instancia da vítima ou do seu representante legal un proceso de familia ante a xurisdición civil, as medidas adoptadas permanecerán en vigor durante os trinta días seguintes á presentación da demanda. E neste termo as medidas deberán ser ratificadas, modificadas ou deixadas sen efecto polo Xuíz de Primeira Instancia que resulte competente.

3.3.- COORDINACIÓN ENTRE AS XURISDICIÓN PENAL E CIVIL

Como queira que a nova Lei permite ao Xuíz de Instrución en funcións de garda a adopción de medidas preventivas de natureza civil, devén relevante a coordinación entre as xurisdicións penal e civil.

Unha primeira regra de coordinación vén considerada no novo apartado 7 do artigo 544 ter LECR ao sinalar que é preciso, para que o Xuíz de garda adopte unha medida desta natureza, que a mesma non teña sida acordada previamente por un órgano da xurisdición civil, sen prexuízo das medidas previstas no artigo 158 do Código Civil.

En segundo termo, cabe destacar que a finalidade de coordinación insire na limitada duración das medidas civís adoptadas polo Xuíz de Garda. Para tal efecto, o segundo parágrafo do apartado 7 do artigo 544 ter LECR dispón que este tipo de medidas contidas na Orde de Protección terán unha vixencia temporal de trinta días.

Para os anteriores efectos de coordinación entre ambas as dúas Xurisdicións, poden resultar útiles os correspondentes instrumentos normativos que sexan aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial e outros órganos de Goberno dos Xulgados e Tribunais, sen esquecer a importante función do Ministerio Fiscal para facilitar a mencionada coordinación.

En cumprimento do disposto no parágrafo 2º do apartado 7 do artigo 544 ter LECR, o Xuíz de Primeira Instancia deberá pronunciarse no prazo de 30 días sobre a ratificación, modificación ou levantamento das medidas de carácter civil contidas na Orde de Protección, ao tratarse dun prazo perentorio cuxo non cumprimento produciría a grave consecuencia da extinción das medidas acordadas polo Xuíz de Instrución.

3.4.- MEDIDAS DE ASISTENCIA E PROTECCIÓN SOCIAL

Segundo dispón a Lei, a Orde de Protección acordada polo Xuíz de Garda activa os instrumentos de protección e asistencia social previstos polas Administracións Públicas (estatal, autonómica e local).

A lei reguladora da Orde de Protección establece unha canle única a través da cal se solicitan todas as medidas de protección e asistencia social que requira a vítima. Cómpre por iso que todas as administracións implicadas se coordinen para conceder unha axeitada asistencia á vítima dende que a solicite.

De conformidade co disposto no apartado 8 do artigo 544 ter LECR, será establecido mediante un regulamento xeral, que poderá ser desenvolvido por cada Comunidade Autónoma, un sistema integrado de coordinación administrativa que, coa finalidade de garantir a axilidade destas comunicacións, xirará arredor dos seguintes eixes:

1. Será establecido un Punto de Coordinación ao que o Xuíz remitirá a Orde de Protección e dende o que se posibilitarán as axudas que sexan solicitadas pola vítima ou que resulten necesarias, contempladas polo ordenamento xurídico
2. Será establecido así mesmo un sistema de comunicación, preferentemente telemático, que permita a rápida remisión da Orde de Protección dende o Xulgado de Garda ao centro de Coordinación correspondente.
3. O punto de coordinación asignará a asistencia e proteccions axeitadas ás necesidades da vítima facilitando o acceso en tempo real ás axudas que soliciten as vítimas.

De xeito transitorio, ata o establecemento definitivo do sistema integrado de coordinación administrativa, o Xuíz de Instrución comunicará a Orde de Protección ao órgano competente en materia de asistencia social da Comunidade Autónoma correspondente.

A Orde de Protección emitida polo Xuíz confire á vítima un estatuto integral de protección que incorpora un título que habilita para acceder ás medidas de asistencia social establecidas polo ordenamento xurídico e, en particular, a Renda activa de inserción social regulada no artigo 2.2 c) do RD 945/2003, do 18 de xullo; a asistencia xurídica gratuíta e especializada; e calquera outra asistencia ou medida de protección que teñan previsto as leis.

A duración, contido, alcance e vixencia das axudas concedidas se fixarán en función dos criterios establecidos por cada Administración dependendo sempre das necesidades da vítima e das circunstancias do seu ámbito familiar.

3.4- OFICINAS DE ATENCIÓN Á VÍTIMA

As Oficinas de Atención á Víctima están chamadas a desenvolver un papel fundamental na súa función de informar permanentemente a vítima sobre a situación procesual do imputado, así como sobre o alcance e vixencia das medidas preventivas adoptadas. Para os anteriores efectos, o Xulgado que acorde a Orde de Protección comunicará á Oficina de Atención á Víctima correspondente tanto a propia existencia da orde, como as diferentes situacións do proceso que afecten ao imputado, tamén na fase da execución da pena.

A actividade das Oficinas de Atención á Víctima será desenvolvida de xeito proactivo, é dicir, tomando a iniciativa de contactar coa vítima e anticipándose ás súas posibles necesidades. Téñase en conta que a Recomendación (2002) 5 do Comité de Ministros do Consello de Europa aos Estados membros, sobre protección das mulleres contra a violencia, recomenda como unha das medidas a de "promover a posta en funcionamento de servizos proactivos de protección das vítimas que tomen a iniciativa de contactar coas vítimas dende que o asunto é transmitido aos servizos de policía".

Así mesmo, as funcións das Oficinas de Atención á Víctima se adaptarán á regulación e implantación da Orde de Protección, coa finalidade de mellorar a asistencia ás vítimas. Por iso, impulsaranse módulos formativos específicos dirixidos aos que prestan os seus servizos nas devanditas Oficinas.

3.5- REXISTRO CENTRAL PARA A PROTECCIÓN DAS VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA

De conformidade co disposto pola nova redacción do artigo 544 ter da Lei de Axuízamento Criminal, débese establecer un Rexistro Central para a Protección das Víctimas da Violencia Doméstica, que coadjuvará á efectividade da Orde de Protección.

Este Rexistro Central deberase coordinar axeitadamente cos rexistros existentes, tanto os dos Servizos de Violencia Familiar das Fiscalías, como os Rexistros de Violencia Doméstica creados pola Instrución CGPJ 3/2003, impulsando o efectivo intercambio da información.

3.6.- ADMINISTRACIÓN PENITENCIARIA

Por aplicación do apartado 9 do artigo 544 ter da Lei de Xuizamento Criminal, o órgano xudicial que dite unha orde de protección dará conta desta á Administración Penitenciaria.

4.- ASISTENCIA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN PROCESUAL

A asistencia de Letrado devén relevante para a tutela xudicial efectiva e para o axeitado exercicio do dereito de defensa, especialmente se se ten en conta que o Xuíz de Instrución en funcións de Garda tamén pode adoptar medidas de natureza civil que afectan ao uso e desfrute do domicilio, á relación cos fillos e á prestación de alimentos.

Resulta conveniente facilitar o exercicio dos mencionados dereitos de conformidade coa normativa e os convenios que resulten aplicables. Así mesmo é destacable a necesidade dunha formación especializada daqueles profesionais que realicen as funcións de asistencia xurídica e defensa procesual dos afectados.

5.- DIVULGACIÓN DA ORDE DE PROTECCIÓN

O coñecemento por parte das vítimas da propia existencia da Orde de Protección, así como das súas características e funcionamento, se configura como un dos elementos clave para o éxito da institución. A tal efecto:

?? A Comisión de Seguimento da Implantación da Orde de Protección das Vítimas de Violencia Doméstica elaborará trípticos, carteis ou outros materiais informativos sobre a Orde de Protección. E procederase á súa difusión a través dos órganos xudiciais penais e civís, as Fiscalías, as Oficinas de Atención á Vítima, as Oficinas de Atención ao Cidadán, os Servizos de Orientación Xurídica dos Colexios de Avogados, as dependencias policiais, así como os servizos sociais ou institucións asistenciais dependentes das Administracións Públicas.

?? De xeito complementario, cada institución ou Administración realizará as actividades de divulgación que considere oportunas.

6.- FORMACIÓN

Como indica a Recomendación do Consello de Europa (2002) 5 do Comité de Ministros sobre a protección das mulleres contra a violencia (adoptada o 30 de abril de 2002), cómpre fomentar a « formación especializada dos profesionais que se enfrontan á violencia contra as mulleres » polo que deveñen especialmente importantes os diferentes Plans de Formación que desenvolvan as distintas institucións e administracións públicas.

Un enfoque multidisciplinar, a partir da participación nunha mesma actividade formativa dos diferentes profesionais afectados, contribúe a mellorar a calidade da formación porque todos os asistentes acceden ás diferentes perspectivas do problema.